



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01
Rúa Real nº 35 Código Postal:15124 (A Coruña)
Web: www.concellomuxia.com

ANUNCIO

Expediente 2026/E001/000002

Mediante decreto de alcaldía de data 08/07/2026 aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para a formación dunha bolsa psicólogos mediante o sistema de concurso-oposición, nomeouse ao Tribunal e estableceuse o calendario previsto das probas da fase de oposición

LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Admitidos/as:

NOME E APELIDOS	ID. DNI	CELGA
NSL	***2506**	SI
LBV	***5937**	SI
MQV	***6068**	SI

Excluídos/as:

NOME E APELIDOS	ID. DNI	Motivos Exclusión
VRS	***4681**	- Non acredita formación mínima requirida de polo menos 200 horas de actividades relacionadas coa igualdade de oportunidades. - Non acredita experiencia mínima de 2 meses en materia de igualdade por razón de xénero.
JCDP	***8670**	-Non achega copia da titulación requirida -Non acredita formación mínima requirida de polo menos 200 horas de actividades relacionadas coa igualdade de oportunidades. -Non acredita experiencia mínima de 2 meses en materia de igualdade por razón de xénero
AAA	***5218**	Non acredita experiencia mínima de 2 meses en materia de igualdade por razón de xénero

As persoas excluídas, así como as omitidas na relación provisional de admitidos e excluídos, disporán de un prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Muxía, para poder emendar, de ser o caso, os defectos que motivasen a súa exclusión ou a súa omisión da lista de persoas admitidas.

Os requisitos citados deberán reunirse con referencia ao derradeiro día do prazo de presentación de instancias.

As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado non emendasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídas na relación de persoas admitidas, serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo.



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01

Rúa Real nº 35 Código Postal:15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

Transcorrido o prazo de emenda, aprobarase pola Alcaldía a listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

A inclusión dos aspirantes na lista de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración municipal de que os mesmos reúnan os requisitos esixidos para ser nomeados persoal laboral temporal ou funcionarios/as interinos, requisitos que deberán acreditar con posterioridade.

DESIGNACIÓN NOMINAL DOS MEMBROS DO TRIBUNAL, AOS EFECTOS DOS SUPOSTOS DE ABSTENCIÓN/RECUSACIÓN

Presidenta:

- Titular: María Isabel Muñoz Rodríguez (funcionaria do Concello de Muxía)

Suplente: Ana María Dopico Fraga (persoal laboral fixo do Concello de Ortigueira)

Secretaria:

- Titular: Rosa Ana Garcia Fernández (funcionaria do Concello de Muxía)

Suplente: Rocío Hermida Cancela (funcionaria do Concello de Cee)

Vogais:

- Titular: Juan Carlos Santabaya Louzán (funcionario do Concello de Cee)

Suplente: Anabel Piñeiro Agulleiro (persoal laboral fixo do Concello de Muxía)

- Titular: Marta Piñeiro Arca (funcionaria do Concello de Betanzos)

Suplente: Margarita de la Calle Bermejo (persoal laboral fixo do Concello de A Estrada)

- Titular: Ana Belén Fernández Landeira (persoal laboral fixo do Concello de Santa Comba)

Suplente: Ana María Aldao Carral (persoal laboral fixo do Concello de A Laracha)

Os membros do tribunal cualificador poderán ser recusados nos termos establecidos polos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

CALENDARIO PARA A REALIZACIÓN DA FASE DE OPOSICIÓN

- 22/07/2026 ás 10:30. Primeira Proba
- 23/07/2026 ás 10:00. Segunda Proba

As probas terán lugar no salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Muxía

Muxía, a data da sinatura electrónica

O Alcalde